

Resolución pola que se amplía o prazo de presentación de emendas ás listas provisionais de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as para o ingreso nas listas previas na categoría de Enxeñería Técnica de Obras Públicas resultante do período de actualización, convocado por resolución do 29 de setembro de 2025 (DOG do 30 de setembro de 2025).

O pasado 13 de febreiro publicouse a listaxe provisional de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as para o ingreso nas listas previas da categoría de Enxeñería Técnica de Obras Públicas. Non obstante, debido a un erro material, a resolución que acompañaba dito listado e na que expresamente se indicaba o prazo para a presentación de emendas, non estivo visible na páxina web oficial durante o período establecido.

Co fin de garantir os principios de publicidade, transparencia e igualdade que deben rexer o procedemento selectivo, procede conceder unha ampliación do prazo para a presentación de emendas ou subsanacións por un período de 3 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución na páxina web de SEAGA.

Rematando o prazo de presentación de emendas e/ou reclamacións o día 25 de febreiro de 2026.

A Presidenta da Comisión de Selección.

Asdo.- M^a Jesús Cobas Ríos.

